



Rúa Campo da Feira nº 1
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O
C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

ORDENANZA FISCAL DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR.-

Feito Imponible.-

Constituirá o feito imponible desta Taxa a prestación do servicio de axuda a domicilio concedido a través dos servicios sociais municipais de conformidade co Regulamento deste servicio.

Base imponible.-

A base imponible virá determinada polo uso e periodo efectivo do servicio e de acordo co réxime de prestacións que se sinale no Regulamento do servicio.

Devengo.-

A taxa regulada na presente Ordenanza Fiscal devengaranse no momento en que se notifique a prestación do servicio.

Suxeito pasivo.-

Serán suxeitos pasivos da presente taxa as persoas que, ben de forma temporal ou con carácter estable, ou os titulares legais destes en caso de incapacidade dos mesmos, se beneficien do Servicio.

Período impositivo.-

Coincidirá co periodo efectiva no disfrute da prestación do servicio por parte do suxeito pasivo. Con carácter xeral será mensual.

Xestión.-

O pago farase, unha vez presentada e aceptada a prestación do servicio, por adiantado dentro dos primeiros quince días de cada período mensual, mediante domiciliación bancaria que autorizará o solicitante ou tutor, por escrito no momento da concesión da prestación do servicio. O impago de dúas cotas mensuais consecutivas, determinará a interrupción do servicio.

Cotas/Tarifas.-

Establécense catro grupos en función do nivel de ingresos:

Ingresos	Rentas Familiares	Tarifa
GRUPO A		
Individuales superiores a 600 €/mes	Superiores a 30.000,00 €/ano	
Parella superiores a 1000 € /mes	Valoración Social / Departamento Serv. Soc.	6 € / hora
GRUPO B		
Individuales superiores a 500 €/mes	Superiores a 20.000,00 €/ano	
Parella superiores a 900 € /mes	Valoración Social / Departamento Serv. Soc.	4 € / hora



Rúa Campo da Feira nº 1
Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85
Fax: 986 74 73 91

C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

GRUPO C

Individuais superiores a 400 €/mes
Parella superiores a 800 € /mes

Superiores a 15.000,00 €/ano
Valoración Social / Departamento Serv. Soc. 2 € / hora

GRUPO D

Individuais inferiores a 400 €/mes
Parella inferiores a 800 € /mes

Inferior a 15.000,00 €/ano
Valoración Social / Departamento Serv. Soc. 0 € / hora

Por rentas familiares, enténdense as referidas a dos familiares de primeiro grado ascendente ou descendente que convivan cos solicitantes tanto no domicilio como no mesmo municipio.
O informe- valoración social en relación coa situación-renta familiar poderá determinar o pase dun grupo a outro.

Exencíons e Bonificacións.-

As exencíons e bonificacións da presente taxa estarán un función do ingresos dos usuarios e da renta familiar, nos termos da tarifa.

Entrada en vigor.-

A presente Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 31 de outubro de 2005 entrará en vigor e comenzará a aplicarse unha vez publicada a súa aprobación definitiva e o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.



Meaño, 27 de decembro de 2005

O Alcalde

Asdo: Jorge Domínguez Rosal



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 14 de abril de 2008, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“7º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O Sr. Alcalde-Presidente maniféstalles aos membros da Corporación que coa marcha do Concello e a apostar permanente polo incremento dos servizos sociais, que redunden nunha maior calidade de vida dos cidadáns, fixose necesaria a imposición de novas taxas pola prestación de servizos públicos que se refiren, afectan ou beneficián de modo particular ós suxeitos pasivos ou usuarios directos dos mesmos, entre as que se atopa Taxa pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar.

Para a determinación destas taxas tívose en conta a capacidade económica dos usuarios e o carácter social da prestación, acadándose unha recadación moi inferior o custe do servizo e suplantada pola axuda que para esta finalidade concede a Xunta de Galicia e a aportación con cargo a fondos propios municipais.

Coa entrada en vigor da lexislación estatal e autonómica sobre a promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia e concretamente a Orde do 18 de marzo de 2008 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, na que se regula a intensidade de prestación deste servicio as persoas en situación de dependencia valorada.

Para aliviar o custe desta taxa e dado o carácter social desta prestación; esta Alcaldía propúxolle á Comisión Especial de Contas e agora o Pleno da Corporación a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo Axuda no Fogar.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o dictame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos trece membros, acorda:

1º/ Modifica-la Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar, quedando como segue:

Exencíons e Bonificacións.-

1. Con carácter xeral as exencíons e bonificacións da presente taxa estarán en función dos ingresos dos usuarios, da renda familiar e da valoración social, nos termos da tarifa.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota, que resulte de aplícalas tarifas reguladas no apartado de “Cotas/Tarifas” da presente Ordenanza, as persoas que se beneficien deste servizo e que teñan recoñecida, polo órgano competente da Xunta de Galicia, unha situación de dependencia valorada en calquera dos Graos e niveis. Esta bonificación será de aplicación en tanto persista a situación de dependencia valorada.

Entrada en vigor.-

A presente Modificación que afecta as “Exencíons e Bonificacións” da Ordenanza Fiscal reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor e comenzará a aplicarse o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

2º Aprobar provisionalmente a modificación, nos termos sinalados no apartado 1º deste acordo, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servicio de Axuda no Fogar.

3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións, ó abeiro do art. 17 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a vintecatro de abril de dous mil oito.

Visto e Prace

Alcalde





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concelldemeano.com

D^a M^a TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 14 de abril de 2009, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“7º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O Sr. Alcalde-Presidente manífestalles aos membros da Corporación que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 31 de outubro de 2005, acordou a imposición e a aprobación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servicio de Axuda no Fogar. Para a determinación desta taxa tívose en conta a capacidade económica dos usuarios e o carácter social da prestación, acadándose unha recadación moi inferior ao custe do servizo e suplementada pola axuda que para esta finalidade concede a Xunta de Galicia e a aportación con cargo a fondos propios municipais.

Coa entrada en vigor da lexislación estatal e autonómica sobre a promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia e concretamente a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia; Decreto 176/2007, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e o dereito as prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia (SAAD) na Comunidade Autónoma Galega e a Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no fogar., faise necesario modificar a cota tarifa desta taxa, segundo se sinala no Informe emitido pola Traballadora Social do Concello e na Memoria-proposta da Alcaldía, da que se dá conta ao Pleno.

Non producíndose intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º Modifica-la Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servicio de Axuda no Fogar, que afecta a cota/tarifa e o réxime de exencións e bonificacións quedando como segue:

Cota/Tarifa:

a) Establécese unha tarifa de 12 €/hora pola prestación do servizo de Axuda no Fogar, tanto para usuarios valorados pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia, como para usuarios da prestación básica e a renda calcularase en función do IPREM e revalorizárase anualmente.

b) Sobre a tarifa de 12,00 € establecécese o seguinte réxime de copago, segundo tramo de porcentaxe de IPREM aplicable e que se recolle nos seguintes anexos:

ANEXO I- Baremo económico para persoas valoradas pola Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia ó abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no fogar.

Ingresos renda IPREM	COPAGO
$\leq 100\%$	gratuíto
$>100\% \text{ e } \leq 200\%$	8 %
$>200\% \text{ e } \leq 300\%$	18 %
$>300\% \text{ e } \leq 400\%$	37 %
$>400\% \text{ e } \leq 500\%$	60 %
$>500\%$	65 %

ANEXO II- Baremo económico para persoas beneficiarias da prestación básica de Axuda no Fogar por libre concorrencia ó abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no fogar.

Ingresos renda IPREM	COPAGO
$\leq 100\%$	gratuíto
$>100\% \text{ e } \leq 200\%$	10 %
$>200\% \text{ e } \leq 300\%$	20 %
$>300\% \text{ e } \leq 400\%$	30 %
$>400\% \text{ e } \leq 500\%$	50 %
$> 500\%$	70 %

c) A cota resultante será a resultante de aplicar sobre a cota o porcentaxe de copago por horas de servizo.

Exencións e Bonificacións.-

No se establecen

Entrada en vigor.-

A presente Modificación, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data....., entrará en vigor e comenzará a aplicarse o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º Aprobar provisionalmente a modificación, nos termos sinalados no apartado 1º deste acordo, da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servicio de Axuda no Fogar.

3º Expoñer ó público o presente acordo mediante edictos publicados no Taboleiro de Anuncios e no Boletín Oficial da Provincia durante trinta días hábiles para



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelloodemeano@terra.es • Web: www.concelloodemeano.com

os efectos de que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que consideren oportunas, entendéndose definitivamente adoptado este acordo, sen necesidade de novo acordo, de non presentarse reclamacións ao mesmo, ó abeiro do art. 17 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Meaño a catro de maio de dous mil nove.

Visto e Prace
O Alcalde





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

Dª Mª TERESA ESCUDERO BARRAL, Secretaria-Interventora do Ilmo. Concello de Meaño (Pontevedra).-

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 10 de xuño de 2013, entre outros, adoptou o seguinte acordo:

“2º.- CORRECCIÓN DE ERROS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

A Sra. alcadesa-presidenta manífestalles aos membros presentes da Corporación que a Traballadora Social do Concello formulou proposta de corrección de erros ao texto da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 8 de abril de 2013, motivado nun erro de interpretación, por parte dos servizos sociais do Concello, dos artigos 58 e ss do Decreto 99/2012, do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; polo que propón efectuar esta corrección no texto definitivo da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo de Axuda no Fogar, que afecta a cota/tarifa, como se sinala a Traballadora social.

Sometido o asunto a debate toma a palabra o Sr. Pazos Castro, quen sinala que está de acordo coa redución do prezo hora na tarifa de 12,00 €/ hora a 10,00-10,50 €/horas pero non está de acordo cos baremos establecidos para o copago no Decreto 99/2012, de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, coa abstención do Sr. Pazos Castro, e por dez votos a favor, acorda:

1º Aprobar a redacción definitivamente da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación so servizo de Axuda no Fogar, que afecta á cota-tarifa e entrada en vigor quedando como segue:

“Cota/Tarifa:

a) Establecese unha tarifa de 10 euros/hora en horario laborable ordinario e unha tarifa de 10,50 euros/hora en horario festivo extraordinario para usuarios da prestación básica.

b) Establecese o seguinte réxime de copagamento para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido :

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demáis supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	GRAO I		GRAO II		GRAO III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ó IPREM)	20 h.	30 h.	40 h.	55 h.	70 h.	90 h.
= ó 100% do IPREM	0%	0%	0%	0%	0%	0%
>do 100% e = do 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
>do 115% e = do 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>do 125% e = do 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>do 150% e = do 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>do 175% e = do 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87€	14,45%	18,31%	22,89%
>do 200% e = do 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>do 215% e = do 250% do IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
>do 250% e = do 300% do IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>do 300% e = do 350% do IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>do 350% e = do 400% do IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>do 400% e = do 450% do IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>do 450% e = do 500% do IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ó 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu derecho de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concelldemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

c) Establecese sobre a tarifa fixada no apartado a), para as persoas beneficiarias da prestación básica de axuda no fogar por libre concorrenza o seguinte baremo económico:

1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrenza, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 16 desta ordenanza.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0,80 IPREM	0 %
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 IPREM	10 %
Maior de 1,00 e menor ou igual a 1,50 IPREM	20 %
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2,00 IPREM	30 %
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,50 IPREM	40 %
Maior de 2,50 IPREM	60 %

2. Sen prexizo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.
3. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

Entrada en vigor.-

A presente Modificación, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 de xuño de 2013, entrará en vigor e comenzará a aplicarse o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º/ Publicar o texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación so servizo de Axuda no Fogar no Boletín Oficial da Provincia, dando cumprimento ao artigo 17.4 do R.D.Lvo. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

E para que así conste, e para os efectos de unir ó expediente, expido e asino a presente, coa reserva dos termos que resulten da aprobación definitiva da acta desta sesión, ó abeiro do art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa, en Meaño a vinte de xuño de dous mil trece.

Visto e Prace
A alcaldesa



